

Calendario académico da Universidade da Coruña para o curso 2025/26

1. CURSO ACADÉMICO

O curso académico 2025/26 abarcará dous períodos académicos e comprenderá desde o 1 de setembro de 2025 ata o 31 de agosto de 2026.

Considerarase alumnado do curso académico 2025/26 aquel que deba ser avaliado das Prácticas/TFG/TFM en segunda oportunidade, cuxas actas se asinen e entreguen o 30 de setembro de 2026, conforme se establece neste calendario.

2. PERÍODOS LECTIVOS

As actividades académicas docentes comprenden os seguintes períodos lectivos:

Primeiro cuatrimestre: desde o 8 de setembro ao 19 de decembro de 2025

Segundo cuatrimestre: desde o 26 de xaneiro ao 15 de maio de 2026

Co fin de facilitar a **planificación docente dos másteres**, e cando non necesiten utilizar o período de avaliación, poderán aprazar o inicio das súas actividades docentes do primeiro cuatrimestre ata o 20 de outubro e prolongalas ata o 23 de xaneiro. Neste caso, o segundo cuatrimestre poderá comezar unha semana máis tarde. Estas modificacións non poderán afectar as datas de entrega de actas establecidas neste calendario.

Por razóns de coordinación, os **estudios interuniversitarios** poderán adaptar estes períodos lectivos aos calendarios que se establezan coas outras universidades participantes.

As posibilidades recollidas nos dous parágrafos anteriores necesitan a autorización da persoa titular da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización. Para iso, a persoa coordinadora na UDC dos estudos afectados deberá enviar, por correo electrónico e antes do 1 de outubro de 2025, a súa solicitude debidamente xustificada ao Servizo de Organización Académica (soa@udc.gal) para a súa tramitación.

3. PERÍODOS DE AVALIACIÓN

Para a súa avaliación, os/as estudantes de grao e máster terán dereito en cada curso académico a dúas oportunidades e o calendario quedará organizado en catro períodos:

Oportunidades	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
Adianto de oportunidade	Do 17 de novembro ao 5 de decembro de 2025 ¹	12 de decembro de 2025
Materias do primeiro cuatrimestre	Do 7 ao 23 de xaneiro de 2026	6 de febreiro de 2026
	Prácticas (actas conxuntas), fixadas polos centros	2 de marzo de 2026
Materias do segundo cuatrimestre e anuais	Do 18 de maio ao 5 de xuño de 2026	19 de xuño de 2026
	Prácticas (actas conxuntas), fixadas polos centros	3 de xullo de 2026
2ª oportunidade	Do 22 de xuño ao 10 de xullo de 2026 ²	17 de xullo de 2026
	Prácticas (actas conxuntas), fixadas polos centros	30 de setembro de 2026

¹ As datas de avaliación correspondentes ao adianto de oportunidade serán establecidas polos centros só no caso de existir solicitudes.

² Os exames organizaranse de forma que se realicen primeiro aqueles correspondentes ás materias do primeiro cuatrimestre e a continuación os das materias do segundo cuatrimestre e/ou anuais.

Para a avaliación das Prácticas que utilicen actas individualizadas e dos TFG/TFM, os/as estudantes de grao e máster terán dereito en cada curso académico a dúas oportunidades, de acordo co seguinte calendario:

	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
TFG/TFM	Nas datas fixadas polos centros, respectando a norma que regula o TFG/TFM	30 de setembro de 2026
Prácticas (actas individualizadas)	Nas datas fixadas polos centros	30 de setembro de 2026

Ademais, no caso das titulacións de grao, os centros deberán fixar unha data de defensa e peche de actas individualizadas de TFG e Prácticas anterior ou igual ao 8 de xullo de 2026, co fin de garantir que o estudantado que finalice a súa titulación ata a data indicada poida prescribirse nos mestrados da UDC no prazo ordinario.

A matrícula e defensa do TFG e do TFM realizaranse conforme ao disposto na normativa vixente da UDC que regule a matrícula e defensa do TFG e TFM.

Os **estudios interuniversitarios** poderán adaptar as datas de avaliación aos calendarios que, de modo coordinado, se establezan coas outras universidades participantes, tras a autorización da persoa titular da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización. Para iso, a persoa coordinadora na UDC dos estudos afectados deberá enviar, por correo electrónico e antes do 1 de outubro de 2025, a súa solicitude ao Servizo de Organización Académica (soa@udc.gal) para a súa tramitación.

Non se permitirá cambio nas datas de peche de actas das distintas oportunidades salvo por causas de forza maior debidamente xustificadas e con autorización da VTI. No caso de que as datas de peche de actas das distintas universidades participantes nalgún título interuniversitario non concorden coas establecidas neste calendario, as comisións interuniversitarias deberán acordar as datas que utilizarán, pero sempre respectando as que figuran neste documento.

4. PERÍODOS NON LECTIVOS

As actividades académicas docentes e de avaliación de todos os plans de estudo interromperanse desde o día 22 de decembro de 2025 ata o día 6 de xaneiro de 2026 (ambos incluídos); os días 16 e 17 de febreiro de 2026, desde o 30 de marzo ao 6 de abril de 2026 (ambos incluídos) e o mes de agosto. Quedarán exceptuadas desta prescrición as Prácticas Académicas Externas.

Terá carácter festivo o día 30 de xaneiro de 2026 pola festividade do Día da Universidade. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o día da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividades da Universidade coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se coincidisen en mércores trasladaranse ao venres. As que coincidan en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día anterior ou o seguinte lectivo.

O Reitor